

Outros dous anos perdidos...

Gustaríame que o balance do feito polo PSOE e o BNG dende maio de 2023 fose moi distinto, xa que iso significaría que Lugo puido avanzar grazas á acción municipal e, polo tanto, que hoxe temos un Concello mellor, que é polo que dende o Grupo Municipal do Partido Popular traballamos a diario.

Pola contra, o certo é que agora pagamos **máis impostos sen termos máis servizos nin mellores**. O PSOE e o BNG están hipotecando aos lucenses de hoxe, coa forte suba de impostos (IBI, auga ou plusvalía), e tamén aos do mañá (dous préstamos de 28 millóns de euros), obrigándonos a **grandes esforzos**. Mentres, o goberno continúa con **despilfarros non xustificados**, con proxectos que non achegan valor e lonxe de dar solucións, crean problemas e devalúan barrios. Aí están os 116.000 euros no carril bici no 2024, os 1,5 millóns de euros destinados ao edificio

Impulso Verde, os 920.000 euros das Caldas ou os 600.000 euros para o coliving. Son catro exemplos evidentes de que as prioridades do PSOE ou o BNG non coinciden en absoluto coas que vós nos trasladades nin coas que nós temos identificadas.

Miremos a área que miremos, o **legado do PSOE e o BNG é moi**

Se houbo un momento no que calquera discrepancia ideolóxica quedou absolutamente esquecida foi no triste suceso co falecemento da nosa alcaldesa **Paula Alvarellos**. Todo o grupo municipal e eu mesma unímonos na dor e poñémonos a disposición para axudar aos nosos compañeiros do PSOE e do BNG.

Quedará sempre no noso recordo.

pobre e está lonxe do que merecemos. Aí están, por citar só algún exemplo, as obras que se eternizaron sen xustificación (incluso dende antes das anteriores eleccións, coma as do casco histórico), unha mobilidade máis difícil, un rural esquecido sen saneamento nin auga corrente en

distintas parroquias ou a falta de avances en proxectos longamente prometidos, como a creación dunha praia fluvial nos Robles. E que facemos nós fronte a isto? Non quedamos de brazos cruzados nin nos resignamos diante da inacción do PSOE e o BNG, senón que practicamos unha oposición leal, firme e construtiva, con propostas útiles.

Fronte á improvisación do PSOE e o BNG, estes dous anos nós traballamos con **planificación**; fronte á imposición de medidas do PSOE e o BNG, nós defendemos o **diálogo** e a acción conxunta coa veciñanza; e fronte

ao seu esgotamento, **enerxía** e compromiso contigo.

Elena Candia López

Voceira do PP no Concello de Lugo

...malia as nosas 1183 propostas neste tempo

O QUE CONSEGUIMOS
E CONSELLO DA XUNTA

DESMONTANDO O
PSOE E O BNG

ESTIVEMOS
CONTIGO

CONECTADOS
CON LUGO

O QUE CONSEGUIMOS NO ÚLTIMO TRIMESTRE



Compromiso da Xunta para un novo centro de saúde do Sagrado Corazón

Custou pero, entre todos, conseguimos que o novo centro de saúde se constrúa **no antigo colexio** do Sagrado Corazón. Dende o ano 2021 esta dotación tan necesaria conta con **orçamento da Xunta**, pero perdemos catro anos polos **bandazos do Concello**, que propuxo levalo a Serra de Meira, e tamén pola falta de avances (a parcela segue sendo de ABANCA). Non queremos perder máis tempo.



Financiamento da Xunta para a mellora integral da Protectora de Animais

O alcalde **votou ata en catro ocasións en contra de intervir** nas actuais instalacións, algo inaceptable e totalmente inexplicable. O BNG chegou a apoiar o proxecto na Deputación, pero no Concello votou en contra. Seguimos a traballar para acadar unhas instalacións dignas, axudando no proxecto e conseguindo cofinanciamento. Non pararemos ata acadalo.



Avanzando na rehabilitación e dinamización do barrio da Tinería

Convocado o concurso para a rehabilitación do **Pazo de Dona Urraca**, presentáronse 17 propostas. A Xunta destina **6 millóns de euros** a catro intervencións na súa contorna. Tamén continuamos apoiando, en exclusiva, xunto coa **Asociación Itineris** iniciativas como a **IV Festa do Barrio** e a primeira edición da **Festa da Primavera**.



EN BREVE

A Milagrosa: a Xunta adjudicou por **3,2 millóns de euros** a reforma do centro de saúde e por **1,6 millóns de euros** a remodelación da residencia de maiores.

Estadio Anxo Carro: a Xunta mobiliza **3,8 millóns de euros** para transformar as principais bancadas antes do inicio da tempada 2026-2027.

A Xunta executa melloras na **seguridade viaria** dos peóns na estrada LU-530 en **Castelo** (132.000 euros) e unha **senda peonil** en **Ombreiro** (610.500 euros).

CONSELLO DA XUNTA: EN LUGO E PARA LUGO



A Xunta proxecta 600 vivendas en cinco barrios e o Concello cero



Lugo terá **máis de 600 novas vivendas**: 460 en **Garabolos** (xa adxudicada a execución de 146); en **Illa Coelleira** está licitada a redacción do proxecto para a construción duns 50 aloxamentos compartidos para menores de 36 anos; en **Paradai** e en **Angelo Colocci** vaise licitar o proxecto doutras 63 e 24 vivendas respectivamente; e na **Tinería** hai 16 pendentes de redacción de proxecto. Rei-vindicamos a implicación do Concello vía Evislusa.



Construción dun aparcamento público na Ronda das Fontiñas



En agosto do ano 2023 recollemos **máis dun milleiro de sinaturas** para que se constrúa un aparcadoiro en Fontiñas. O PP sempre respaldou esta reivindicación e **consequimos o apoio da Xunta para financeiro**. Diante desta proposta, do Concello só recibimos unha negativa. Seguiremos traballando para que sexa unha realidade.

Apoio ao Campus coa renovación da especialización e outros recoñecementos



Neste Consello, a Xunta tamén se renovou **catro anos máis** a acreditación como **campus especializado** nos sectores agrario, gandeiro e forestal, grazas ao traballo do equipo docente, investigador e alumnado. Uns días despois, a **Facultade de Veterinaria** recibiu do Consello de Educación o **selo de excelencia**, reforzando a marca de **Lugo como cidade universitaria**.



E TAMÉN

A Xunta licitou as obras de **rehabilitación integral** da **residencia das Gándaras** por un importe de **8,6 millóns de euros**.



Plan de **conservación e xestión plurianual** da **muralla de Lugo**, con **500.000 euros anuais** ata 2027.

DESMONTANDO O PSOE...

8 exemplos que avalan que estamos diante dun goberno que **non escoita** e que **bloquea** o presente e o futuro do Concello:

1.

Nos 26 anos que leva ao fronte do goberno local, o PSOE non foi quen de dar solución á **conexión entre o barrio da Estación e o casco histórico**. Por iso nós propoñemos un ascensor panorámico e unha **pasarela mecánica** para salvar os 27 metros de desnivel entre a nova estación intermodal e a Muralla.



2.

Outro tema enquistado pola pasividade do PSOE é o da **seguridade cidadá**. Xusto nos días previos ás anteriores eleccións municipais decretaron o peche de **locais conflictivos**, pero a día de hoxe as persoas veciñas da contorna da **Milagrosa** e da **rúa Tui** están abandonadas polo goberno local.



Ademais da inacción, a **mentira** tamén caracteriza ao PSOE: dixeron que a **nova comisaría de Policía Nacional** era prioritaria, pero nunca tivo orzamento no Plan de Infraestruturas do Ministerio de Interior e, hoxe, o Concello non confirmou a cesión definitiva dos terreos para esta dotación.

3.



4.

Se hai alguén que sofre a pasividade e a falta de diálogo do PSOE é o **persoal municipal**: a falta de planificación e de vontade política está a provocar unha **situación insostible**, con **pagos atrasados**, **vacantes sen cubrir** e **servizos privatizados**. Ante a sobrecarga, non se reforza: precarízase e desmantélase o público.



Á marxe do persoal do Concello, tamén a veciñanza é vítima da **hipocrísia deste goberno local**: os **medios persoais** non se coidan e os recursos económicos seguen a despilfarrarse cunhas **caldas que estiveron pechadas** durante 19 meses cun futuro incerto; ou co **coliving**, un ano clausurado con teas de araña nas portas.

5.



As inundacións repítense nos mesmos puntos cada vez que chove con forza, sen que o goberno local dea solución. As consecuencias agrávanse por **obras mal executadas**, coma en Serra de Meira, polo **desmantelamento da brigada de augas** e por non ter un **plan global de mantemento de sumidoiros**, que levamos anos pedindo.

6.



7.

Outro ámbito no que o bloqueo do PSOE é evidente é no **ciclo da auga**: malia **subirnos o recibo nun 25%** este ano, os problemas son cada vez máis graves ao recibir **sancións polos niveis de cloro**, ao non ter un **servizo de reparación de fugas áxil** e ao non liderar o **cambio dos contadores de consumo**.



O alcalde, que leva xa **10 anos como concelleiro**, opúxose en numerosas ocasións á nosa proposta para ubicar na **zona dos Robles a praia fluvial que merecemos todos os lucenses**. No pleno de maio de 2025, reiterou a súa negativa, xa que PSOE e BNG votaron en contra de avanzar no proxecto.

8.



...E DESMONTANDO O BNG

O BNG ponse **de perfil** nos temas relevantes para Lugo e en vez de centrarse no seu traballo de goberno, o que fai é **oposición**:



1.

O estado de **abandono** da **rede de museos municipais** reflicte que o BNG se desentende da **seguridade** polas **humidades** e filtracións que atopamos neles. A isto súmanse códigos QR, vídeos e outros equipamentos inoperativos ou deteriorados, o que leva a que mesmo se cancelen eventos previstos neles.



2.

Este abandono percíbeo, así mesmo, o **persoal**: aínda que o BNG presume de defender os intereses das persoas traballadoras, o certo é que no **bus urbano**, que depende del, hai importantes cantidades que se adebedan en concepto de **horas extra** e de Seguridade Social, segundo unha **inspección de traballo**.



3.

O BNG tamén se pon de perfil en todo o que ten que ver coa educación: a **Escola Municipal de Música** rematou o curso sen funcionar nin un día, houbo protestas nos colexios pola **falta de conserxes** e non puxo sobre a mesa alternativas para o **comedor escolar de Fingoi** ata que nós falamos de dotalo dunha aula móbil.



4.

Logo de anos de pulsos e de conflitos coa Xunta pola apertura do **novo auditorio**, agora o BNG actúa con **opacidade e improvisación** cedéndolle este espazo de xeito arbitrario a quen considera, sen que exista un regulamento no seu uso para que calquera xestor cultural recorra a esta alternativa.



5.

O BNG segue a bloquear a apertura do **aparcamento dos IES Lucus Augusti e A Nosa Señora dos Ollos Grandes**. Só lle interesa facer oposición á Xunta. Pedímoslle axilidade na aprobación e sinatura do convenio que garanta a convivencia coas persoas usuarias dos centros educativos e a seguridade do espazo.



Sabías que o PSOE e o BNG financian actos onde vetan ao PP?

Logo de que lles impedisen a dúas concelleiras do PP asistir ao pregón da Feira de produtos do campo e artesanía da Milagrosa, acudimos á Valedora do Pobo, quen confirmou que **“as administracións públicas non colaboren en actividades que fomenten a discriminación por razóns ideolóxicas, nin impidan o dereito á igualdade e á participación pública en condicións de equidade, e de adoptar medidas que garantan o acceso igualitario de todos os representantes públicos a actos de carácter institucional promovidos ou cofinanciados”**.

Pedímoslle contundencia ao goberno local para que non se repitan este tipo de condutas inadmisibles.

ESTIVEMOS CONTIGO

Intensificamos a **nosa presenza** nos distintos **barrios** da cidade e nas súas **parroquias**:



Visitamos á veciñanza do barrio das **Saamasas**, que pide melloras na **iluminación**, na **seguridade viaria** e solucións ao **abastecemento de auga**.



Comprometémonos cos residentes de **Casás** a trasladarlle ao goberno local as súas peticións de **accesos seguros**, de **rameos** de árbores e de que se corrija a **senalización**.



Compartimos as preocupacións e apoiamos as reivindicacións da veciñanza de **Paradai** polos **proxectos urbanísticos** previstos para a contorna do **Rato**: reclamamos **transparencia** ao PSOE e o BNG.



Na parroquia de **Orbazai**, ademais de recoller propostas da veciñanza, tivemos a sorte de recibir un agasallo moi especial: unha actuación das **cantadeiras de Airiños**.



Reunímonos co **Colexio de Enxeñeiros Técnicos Industriais de Lugo**, cos que pechamos a nosa rolda de xuntanzas cos **15 colexios profesionais** con actividade en Lugo.



O **circuito Jorge Prado** foi de novo centro do mundo grazas á Xunta. Apostamos polo único, polo **turismo deportivo** que dá **valor, identidade** e **proxección** a Lugo.





Emprendemento e comercio local



Apoiamos o **emprendemento** en todas as súas etapas: dende proxectos xa consolidados, coma **Confecciones García** (adherida ao Bono Activa Comercio da Xunta) ata a **Feira do Emprendemento**, que pretende promover esta cultura nas idades temperás, pasando por iniciativas que xorden, coma a **escola infantil Garderalia na Abella**.



Turismo

O turismo debe ser un dos nosos motores de dinamización económica, con celebracións coma a **Semana Santa** ou o **Arde Lucus**: visitamos a exposición de traxes das **Asemblearias de Lucus Augusti**, que levan 10 anos dándolle vida ao pasado a través da vestimenta.



Escanea o código QR para ver a nosa Semana Santa



Ven ao noso local no Concello e descarga a guía turística dixital que preparamos.



CONECTADOS CON LUGO



▲ Xunta Directiva con **Alfonso Rueda, Paula Prado e Ramón Carballo**

Reclamamos **máis axentes** na rúa, abrir unha **oficina da Policía Local na zona norte** e activar **programas reais de integración**: estas foron as conclusións da **xornada na Milagrosa** con expertos en seguridade, dereito e programas sociais.



A Xunta investiu **máis de 22 millóns de euros en colexios e institutos**, pero o máis importante son as persoas: por iso, coas ANPAS e o conselleiro de Educación, acordamos a **Estratexia de inclusión educativa** que impulsa a **FP Básica Adaptada**.

Desenvolvemos varios **espazos infantís**, coma este da **Praza do Castiñeiro** ▼

